



Anuario Climatolóxico de Galicia 2003

XUNTA DE GALICIA

COLECCIÓN TÉCNICA
MEDIO AMBIENTE

Anuario climatolóxico de Galicia 2003

Edita: **Consellería de Medio Ambiente**
Centro de Desenvolvemento Sostible
Consellería de Medio Ambiente
San Lázaro, s/n
15781 - Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 763. Fax: 981 541 765
Enderezo web: www.xunta.es/conselle/cma/index.htm

Deseño gráfico e maquetación:

Roberto Pérez Rodríguez

Imprime: **Litonor**

ISBN:

Dep. leg.:

Coordinación:

- Subdirección de Información, Formación e Tecnoloxía Ambiental
Centro de Desenvolvemento Sostible
Consellería de Medio Ambiente
Xunta de Galicia
- MeteoGalicia
Consellería de Medio Ambiente – Universidade de Santiago de Compostela

Redactores:

- Francisco Gómez de la Torre
Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán
- Santiago Salsón Casado, Paloma Barreiros Alonso, Lino Rafael Naranjo Díaz, Juan José Taboada Hidalgo, Raquel Cruz Guerrero, José Antonio Souto González e Vicente Pérez Muñuzuri.
MeteoGalicia. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.

ÍNDICE

• PRESENTACIÓN	7
• PRÓLOGO.....	9
• INTRODUCCIÓN	11
• MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS	15
• COORDENADAS DAS ESTACIÓNS	17
• CONDICIÓN SINÓPTICAS.....	19
• RESUMO POR VARIABLE.....	33
Temperatura media.....	35
Temperatura máxima media.....	36
Temperatura mínima media	37
Oscilación térmica media.....	38
Temperatura máxima absoluta	39
Temperatura mínima absoluta.....	40
Humidade estándar.....	41
Precipitación total	42
Precipitación máxima en 24 horas	43
Balance hídrico	44
Horas de sol	45
Insolación.....	46
Vento	47
Chuvia.....	48
Xeada	49
Orballo/rosada e neboa	50
Irradiación media diaria e IUV máximo	51
• RESUMO POR ESTACIÓN.....	53
Esquema da información por estación	55
A CORUÑA	
CIS Ferrol-A	59
Corrubedo-A	60
Mabegondo-A	61
Marco da Curra-A	62
Monte Xalo-A	63
Muños	64
Muralla-A.....	65
Río do Sol	66
Santiago-Físicas-A.....	67
Sergude	68
Lugo	
Os Ancares-A	71
Bóveda	72
Campus Lugo-A.....	73
Conchada.....	74
Folgueira de Aigas	75
Fragavella.....	76
Guitiriz-A	77
Marroxo-A	78
Monte Panda	79
O Xipro	80
Pedro Murias-A.....	81
Penedo do Galo	82
Sambreixo	83
LUGO	
Santalla.....	84
Serra Vacaloura	85
Xunqueira.....	86
OURENSE	
Alto do Rodicio-A.....	89
As Petarelas.....	90
Baltar	91
Castelo da Pena	92
O Invernadeiro-A	93
Pedreiriño.....	94
Pieleas	95
Serra do Eixe	96
Verín-A.....	97
O Xurés	98
PONTEVEDRA	
Campus Lugo-A.....	
Arcos da Condesa	101
Carballedo	102
Castro Vicaludo.....	103
Castrove-A	104
Corón-A.....	105
Cuntis	106
Fornelos de Montes.....	107
Illas Cíes.....	108

PONTEVEDRA

Lourizán-A 109
Monte Aloia-A 110
Mouriscade-A 111

Pereira 112
Queimadelos-A 113

• GLOSARIO 115

PRESENTACIÓN

Compráceme de novo presentar o *Anuario climatolóxico de Galicia*, cos datos correspondentes ao ano 2003. Esta publicación continúa na liña de mellorar e potenciar o coñecemento do tempo e o clima galegos.

A información relacionada co tempo, clima e auga reviste vital importancia para a maioría das actividades socioeconómicas, de xeito que un mellor coñecemento do noso medio sen dúbida nos fará menos vulnerables aos avatares meteorolóxicos, como por exemplo a vaga de calor que afectou a Europa no pasado verán. Por isto, dende a Consellería de Medio Ambiente, cremos que o *Anuario climatolóxico de Galicia* é unha ferramenta que claramente pode contribuír a cubrir parte das necesidades que existen nesta área.

Igual que en anos anteriores, os datos que fan posible a publicación deste anuario proveñen na súa maior parte da Rede de Estacións Meteorolóxicas Automáticas e Manuais da Consellería de Medio Ambiente. Inclúese tamén a estación de Corón, pertencente á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e, como nova incorporación, a estación situada na Facultade de Físicas da Universidade de Santiago de Compostela.

Seguindo coa estrutura do anterior anuario, este de 2003 consta tamén de catro partes:

- Na primeira, amósase información xeral na que se presenta unha relación das estacións meteorolóxicas que ofrecen información climatolóxica: as súas coordenadas UTM, o ano de instalación e o mapa de Galicia no que se mostran as súas posicións.
- Na segunda parte preséntanse comentarios e mapas, para cada mes, sobre as situacións sinópticas e a súa repercusión nas precipitacións e temperaturas.
- Na terceira parte faise un resumo para cada unha das variables, tendo en conta que non todas elas son rexistradas no conxunto das estacións. Ademais, hai que ter presente que nalgunhas estacións a frecuencia da toma dos datos é semanal para a chuvia e o vento.
- Na última parte faise un resumo anual para cada unha das estacións, cunha serie de gráficos das variables máis representativas. Neste apartado inclúese unha páxina inicial onde se detallan os distintos elementos que se mostran no resumo de cada estación.

Agradézzolles un ano máis aos observadores voluntarios a súa participación na recollida dos datos nas estacións manuais, que xunto cos datos da rede de estacións automáticas permitiron a MeteoGalicia, servizo meteorolóxico da Xunta de Galicia, a elaboración deste anuario.

Xosé Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

PRÓLOGO

O Centro de Desenvolvemento Sostible pon un ano máis a disposición do público en xeral unha fonte de información sobre a meteoroloxía e a climatoloxía galegas.

Como reconece a Organización Meteorolóxica Mundial na súa mensaxe con motivo da conmemoración do día meteorolóxico mundial de 2004, resulta de vital importancia a aplicación das novas tecnoloxías co fin de mellorar a observación, a comprensión e a predición do comportamento do sistema climático. Dende o Centro de Desenvolvemento Sostible apostouse pola automatización da súa rede de estacións, sendo pioneiros, por exemplo, no uso de GPRS na transmisión dos datos meteorolóxicos. Por outra banda, durante o ano 2004 todas as estacións da rede funcionarán de xeito automático, posibilitando coñecer en tempo real o estado meteorolóxico no conxunto da nosa Comunidade.

A información recollida por MeteoGalicia provén da Rede de Estacións Meteorolóxicas, composta na actualidade por 37 estacións manuais e por 24 estacións automáticas. Esa información pódese consultar a través de Internet nas páxinas do Sistema de Información Ambiental de Galicia, creado polo Centro de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente (<http://www.siam-cma.org>).

Como acontecemento meteorolóxico singular durante o ano 2003, cómpre sinalar a vaga de calor rexistrada no mes de agosto. Neste mes as temperaturas máximas estiveron preto dos récords históricos e nalgúns casos batéronse, como en Ferrol, onde se acadáron os 40 °C. Destacou tamén durante este mes a persistencia de días con altas temperaturas. Así, destacan os sete días en Lugo e os 15 días en Ourense, nos que as máximas superaron os 35 graos.

Finalmente quero subliñar que, co fin de permitir unha mellor comprensión da información contida neste anuario, inclúese unha páxina tipo, onde se explican os distintos datos e gráficas que se amosan na sección adicada a cada unha das estacións. Ademais, ampliouse o glosario para incluír a maior parte dos termos que se mencionan no texto e que puideran presentar algún tipo de dúbida.

Francisco Maseda Eimil

Director xeral do Centro de Desenvolvemento Sostible

INTRODUCCIÓN

O *Anuario climatolóxico de Galicia* é un documento no que se recollen todos os datos ofrecidos polas estacións meteorolóxicas dependentes do Centro de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Na rede intégrase tamén a estación de Corón, dependente do Centro de Investigacións Mariñas en Vilanova de Arousa.

Dende a instalación da primeira estación de observación meteorolóxica de carácter manual, que data do ano 1955, a rede de observación foise ampliando de maneira progresiva ata quedar configurada na actualidade por 37 estacións manuais repartidas por toda a xeografía galega. No ano 1998, comezouse a instalación dunha moderna rede de estacións automáticas, integrada actualmente por 24 estacións con transmisión de datos en tempo real. Neste anuario de 2003 utilizouse tamén esta información. Ao longo deste documento, para indicar que a estación é automática engadíuselle un ‘A’ ao nome da estación.

En todas as estacións manuais, diarias ou semanais, mídense unhas variables comúns:

- Temperatura máxima diaria a 1.5 m.
- Temperatura mínima diaria a 1.5 m.
- Humidade máxima diaria a 1.5 m.
- Humidade mínima diaria a 1.5 m.
- Percorrido do vento (diario ou semanal).
- Precipitación (diaria ou semanal).

Ademais, nalgunhas delas, mídense tamén as horas de sol coas que se calcula a insolación.

No caso das estacións automáticas, onde a frecuencia da toma de datos é dezminutal, as variables rexistradas son:

- Temperatura e humidade relativa a 1.5 m.
- Presión.
- Velocidade e dirección do vento a 10 m.
- Precipitación.
- Radiación solar global en oito das vintecatro estacións e índice ultravioleta máximo en cinco delas.

A partir dos datos das estacións manuais e automáticas, realizouse unha análise estatística climatolóxica para o ano 2003. Naquelas localizacións nas que se dispón de estación manual e automática, tomáronse soamente os da estación automática, agás no caso da variable “horas de sol”, para a cal consideráronse os datos da estación manual. Dúas estacións automáticas (Sergude e Sambreixo) foron cambiadas de sitio antes de rematar o ano, polo que nestes casos a información tomouse da correspondente estación manual.

No apartado *condicións sinópticas* recóllese unha análise das situacións sinópticas predominantes que afectaron a Galicia ao longo de cada mes. Así mesmo, preséntanse mapas mensuais das anomalías de precipitacións, presións e temperaturas máximas e mínimas.

No apartado denominado *resumo por variable* preséntanse, para cada unha das estacións, os valores mensuais dunha serie de variables. Co obxectivo de que os valores foran representativos, tomouse como

criterio a utilización dos datos sempre que o número de valores dispoñibles sexa superior ao 60% do total dos rexistros mensuais no caso de valores medios e dun 80% no caso de valores acumulados. Nas estacións automáticas, estableceuse un mínimo do 75% de datos dezminutais para considerar o día con datos. Os valores anuais indícanse soamente cando o número de meses con observacións válidas foi superior ao 60%. No caso de valores medios, máximos ou mínimos, indícase que estacións tiveron observacións entre un 60 e un 80% dos meses. Porén, no caso dos valores acumulados, sinálanse todas aquelas estacións nas que o ano non está completo, xa que nestes casos os valores acumulados non poden ser comparados cos doutras estacións.

As variables tabuladas son as seguintes:

- Temperatura media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura mínima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Oscilación térmica (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Temperatura mínima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Humidade estándar (%). Indícase tamén a media anual.
- Precipitación total acumulada (mm). Indícase tamén a chuvia acumulada anual.
- Precipitación máxima en 24 horas (mm). Indícase tamén a máxima anual.
- Balance hídrico. Indícase tamén o balance anual.
- Horas de sol (horas/mes). Indícase tamén o total anual. Sinálanse aquelas estacións automáticas nas que se tomáron os datos das correspondentes manuais.
- Insolación (%). Indícase tamén a media anual.
- Velocidade media do vento (m/s). Indícase tamén a media anual.
- Chuvia (días). Indícase tamén o total anual.
- Xeada (días). Indícase tamén o total anual.
- Orballo/Rosada (días). Indícase tamén o total anual.
- Néboa (días). Indícase tamén o total anual.
- Irradiación media diaria. Indícase tamén a media anual.
- Índice ultravioleta máximo. Indícase tamén o máximo anual.

No apartado *resumo por estación* recóllese para cada unha das estacións a seguinte información:

- Resumo anual para as seguintes variables (cando se miden na estación):
 - Š Media anual da temperatura media diaria.
 - Š Media anual das temperaturas máximas diarias.
 - Š Media anual das temperaturas mínimas diarias.
 - Š Temperatura máxima absoluta.
 - Š Temperatura mínima absoluta.

Para as temperaturas máxima e mínima absolutas, indícase a data na que se rexistrou o devandito valor. No caso de varias datas, amósase a primeira e a última.

- Š Media anual da humidade estándar.
- Š Precipitación anual total.

- Š Horas de sol totais no ano.
 - Š Media anual da irradiación media diaria.
 - Š Índice UV máximo acadado no ano.
 - Š Media anual da velocidade media do vento.
- Gráfica de evolución das temperaturas mensuais máximas e mínimas, tanto medias como extremas.

Representátese tamén o número de días de xeadas.

- Gráfica de evolución da precipitación total, o balance hídrico e a temperatura media mensuais.
- Gráfica de evolución da humidade estándar, a porcentaxe de insolación e o máximo valor do índice UV en cada mes.
- Rosa dos ventos e velocidade media do vento en cada unha das direccións representadas, indicando a porcentaxe de días de calma (ventos con velocidade inferior a 1.5 m/s).

Cada un dos tipos de gráficas mostra a mesma escala en todas as estacións, de xeito que as gráficas se poden comparar visualmente.

Ao comenzo deste apartado inclúese unha páxina na que se amosa un esquema da información por estación. Nela explícanse os datos e as gráficas que se amosan nesta sección.

Os datos recollidos polas estacións automáticas e manuais, así como os seus resumos, pódense atopar a través de Internet no Sistema de Información Ambiental de Galicia (www.siam-cma.org).

MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS



COORDENADAS DAS ESTACIÓNS

ESTACIÓ	CONCELLO	ANO DE INSTALACIÓ	UTMX-29T	UTMY-29T	ALTITUDE
A CORUÑA					
CIS Ferrol-A	Ferrol	1999	560575	4815596	35
Corrubedo-A	Ribeira	1999	497788	4711340	30
Mabegondo-A	Abegondo	2000	560035	4787795	98
Marco da Curra-A	Monfero	2000	589723	4799415	645
Monte Xalo-A	Culleredo	1999	548165	4787002	510
Muños	Zas	1983	502146	4764251	490
Muralla-A	Lousame	2001	518434	4732856	650
Río do Sol	Coristanco	1982	525478	4770587	340
Santiago-Físicas-A	Santiago de Compostela	2003	535915	4747144	255
Sergude	Boqueixón	1991	544164	4741185	226
LUGO					
Os Ancares-A	Cervantes	1999	669920	4742923	1365
Bóveda	Bóveda	1981	623606	4717891	400
Campus Lugo-A	Lugo	1999	618765	4761198	420
Conchada	Quiroga	1981	641837	4705345	600
Folgueira de Aigas	Navia de Suarna	1981	669976	4758503	910
Fragavella	Abadín	1969	625647	4812391	600
Guitiriz-A	Guitiriz	1999	598922	4786880	690
Marroxo-A	Monforte	1999	623291	4703593	630
Monte Panda	Pol	1988	641017	4778172	605
O Xipro	A Fonsagrada	1978	660504	4782755	840
Pedro Murias-A	Ribadeo	2000	654986	4822541	45
Penedo do Galo	Viveiro	1981	614838	4835682	310
Sambreixo	Guitiriz	1990	598550	4777692	498
Santalla	Triacastela	1989	645239	4737385	720
Serra Vacaloura	Portomarín	1995	601970	4741768	795
Xunqueira	Viveiro	1991	612845	4834430	15
OURENSE					
Alto do Rodicio-A	Maceda	1999	616296	4683835	962
As Petarelas	Rubiá	1992	670470	4703269	555
Baltar	Baltar	1989	606369	4643587	820
Castelo da Pena	Vilardevós	1984	636358	4642815	670
O Invernadeiro-A	Castrelo do Val	2000	636971	4664276	1020
Pedreiriño	Entrimo	1983	573955	4643896	720
Pieles	Cea	1990	585455	4708064	680
Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	1977	664341	4691308	1225
Verín-A	Verín	2001	632770	4648322	555
O Xurés	Lobios	1999	584682	4639012	1000

PONTEVEDRA					
Arcos da Condesa	Caldas de Reis	1988	531354	4713851	145
Carballedo	Cotobade	1993	541735	4702509	350
Castro Vicaludo	Santa María de Oia	1981	511413	4649371	450
Castrove-A	Poio	2001	524471	4701077	415
Corón-A	Vilagarcía de Arousa	2002	520514	4714577	7
Cuntis	Cuntis	1974	533209	4721465	265
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	1974	550571	4685361	759
Illas Cíes	Vigo	1998	508050	4674377	15
Lourizán-A	Pontevedra	2001	527746	4695497	60
Monte Aloia-A	Tui	2000	526608	4658156	410
Mouriscade-A	Lalín	2000	570877	4718272	501
Pereira	Forcarei	1990	555880	4720398	715
Queimadelos-A	Mondariz	1999	547276	4675193	360

Negra: observación semanal da precipitación e do vento.

Resto: observación diaria nas manuais e dezminutal nas automáticas (-A).

CONDICIÓN SINÓPTICA


XANEIRO

Dúas entradas de aire polar marítimo. Temperaturas baixas e precipitacións abundosas


O mes de xaneiro comezou baixo a circulación do sudoeste e o paso de sucesivas fronteiras que deixaron temperaturas moi suaves e precipitacións abundosas. Esta situación cambiou a partir da xornada do 8, notándose este cambio particularmente durante a xornada do 9 cando a cota de neve baixou ata os 300 metros. Esta entrada de aire frío deixou precipitacións o propio día 9 e xeadas ata o 17. Na xornada do 18 produciuse un cambio novamente ao oeste-sudoeste, con paso de fronteiras, sendo a xornada do 18 a máis chuviosa do mes. A partir do 23 a situación foi netamente anticiclónica ata o 28, cando se produciu unha nova entrada de aire frío. Nas anomalías de presión en superficie obsérvase o dipolo que motivou as entradas de aire frío.

Precipitación: As precipitacións foron en xeral superiores á media. Estas precipitacións rexistráronse principalmente entre os días 1 e 8 e no período entre o 18 e o 22. Así, por exemplo, no observatorio de Lourizán rexistráronse 43 mm o día 1 e 60 mm o día 18. Pola contra, houbo 15 días sen precipitación, sendo éste o valor esperado.


Temperatura: As temperaturas medias estiveron aproximadamente 1 grao por debaixo do esperado, notándose esta anomalía nos valores mínimos, sobre todo nos períodos entre o 9 e o 17, cando se rexistraron xeadas xeneralizadas. De calquera xeito, na media do mes, esta entrada de aire frío quedou bastante neutralizada polos períodos máis húmidos e cálidos do oeste-sudoeste, o que fai que as anomalías non sexan moi pronunciadas en ningún sentido nin no caso das temperaturas máximas nin das mínimas. O número de días de xeadas foi de 21 nos Ancares e 11 en Lugo, como valores significativos, algo por riba dos valores climáticos. As xeadas rexistráronse tamén a nivel do mar, con 3 días de xeadas en Lourizán e 1 en Ferrol.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuvía



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


FEBREIRO

Precipitacións escasas e temperaturas algo máis baixas das esperadas


Durante os primeiros 7 días do mes de febreiro a situación sinóptica sobre Galicia non presentou cambios, estando dominada pola circulación do noroeste causada polas altas presións sobre as Azores e as baixas sobre Irlanda. Esta situación ocasiona precipitacións febles e intermitentes con apertura de claros e temperaturas baixas. Dende o 8 ata o 11 a situación foi de transición entre esta configuración e a que dominou dende o 11 ata o 17, caracterizada polas altas presións sobre o continente Europeo e baixas no Mediterráneo. Polo tanto, estas xornadas foron frías e secas, con xeadas xeneralizadas, entre moderadas e fortes no interior. A partir desta data, sucesivos centros de baixas presións foron achegándose a Galicia, provocando circulación do sur e a aparición de precipitacións, que en xeral non foron moi intensas. No mapa de anomalías de presión en superficie aparece a anomalía positiva de presión sobre o norte de Europa e o Báltico que ocasionou a circulación de compoñente leste entre o 11 e o 17.

Precipitación: As precipitacións foron en xeral escasas, xa que nas xornadas con precipitacións, estas non foron moi cuantiosas; nos episodios dos primeiros 7 días tiveron un carácter feble e intermitente, mentres que a partir do 18 foron algo máis cuantiosas, aínda que permaneceron en xeral febles. Así, na estación de Corón houbo 14 días sen precipitación e 10 días con precipitación entre 1 e 5 mm. O día con máis precipitacións foi o 28, último día do mes, con 47 mm nas estacións de Lourizán (Pontevedra) e Corón (Vilagarcía).


Temperatura: As temperaturas presentan, en xeral, anomalías negativas nos valores máximos, influídas principalmente polo episodio de entrada de aire frío do 11 ata o 17. As temperaturas mínimas, pola súa banda, non presentan un patrón claro de anomalías. Durante o período dende o 11 ata o 17 rexistráronse xeadas xeneralizadas que foron compensadas polos valores altos rexistrados a partir do 18 por mor dos ventos do sur.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuva



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


MARZO

Precipitacións lixeiramente por debaixo da media e temperaturas altas


O mes de marzo comezou con circulación do sudoeste e precipitacións durante os primeiros 5 días. A partir do día 6 e ata o 22 a situación foi anticiclónica, co centro de altas presións situado dende o 6 ata o 12 sobre a península Ibérica e a partir do 13 e ata o 22 sobre as Illas Británicas, Escandinavia e o norte de Europa. Esta última situación de 10 días de duración é a típica situación de anticiclón de bloqueo. A última semana de marzo, dende o 24 ata o final do mes, a situación foi moi inestable, con aire frío en altura, o que deu lugar a precipitacións moderadas e intermitentes de carácter treboento, destacando neste senso as xornadas do 24 e o 25, con treboadas xeneralizadas. Nas anomalías de presión en superficie destacan as altas presións sobre o Mar do Norte e as baixas no Atlántico, fronte da costa portuguesa.

Precipitación: As precipitacións durante este mes concentráronse durante os primeiros 5 días e a derradeira semana. Nos primeiros 5 días non foron moi cuantiosas, pero as treboadas de final de mes fixeron que as precipitacións rexistradas estivesen cerca dos valores habituais, aínda que en xeral algo por debaixo. De calquera forma, a irregularidade das precipitacións da derradeira semana fixo que os valores acumulados estivesen algo por riba da media no sur da provincia de Pontevedra e leste de Ourense, quedando algo por debaixo no resto de Galicia.


Temperatura: As temperaturas situáronse por riba das medias climáticas, tanto nos valores mínimos como nos máximos. Esta situación foi fundamentalmente debida á duración da situación anticiclónica no que afecta ás temperaturas máximas, e para as mínimas foi fundamental que os dous períodos de situacións chuviosas foron de sur, o que fixo que as mínimas fosen altas e arrastrasen a media cara a valores altos.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


ABRIL

Predominio de circulación do sur. Precipitacións abundosas e altas temperaturas


O mes de abril caracterizouse por dous períodos moi definidos. Así, nos primeiros 8 días do mes o predomínio foi de situación anticiclónica, causada polo anticiclón de bloqueo que nos derradeiros días do mes de marzo se situou sobre as Illas Británicas. A partir desta xornada, a situación meteorolóxica inestabilizouse, cunha situación de baixas presións relativas fronte da costa portuguesa. Desta forma, no mapa de anomalías de presión obsérvase este predomínio dunha área depresionaria instalada no Atlántico, á altura da península Ibérica. Esta situación sinóptica é a responsable de que se acheguen algunhas frentes, pero sobre todo moito aire frío en altura que deixou algunhas treboadas entre moderadas e fortes, destacando as xornadas do 14 e o 22. A situación desta área depresionaria tamén fixo que as precipitacións frontais fosen entre moderadas e fortes, destacando neste caso a xornada do 28, cando en Santiago de Compostela se rexistraron 22 mm nunha hora.

Precipitación: Durante o mes de abril as precipitacións estiveron por riba do normal para este mes en todas as comarcas galegas, agás o norte da provincia da Coruña e o leste e norte de Lugo, comarcas estas máis protexidas do sur. Así, en Lourizán só houbo 12 días sen precipitación e 7 xornadas con precipitacións superiores aos 10 mm, cunha precipitación máxima nunha xornada de 42 mm. Pola contra en Lugo as xornadas sen precipitación foron 16 e soamente dous días tiveron precipitacións por riba dos 10 mm, cunha precipitación máxima diaria de 19 mm.


Temperatura: As temperaturas mínimas foron superiores ás medias climáticas do mes de abril, mentres as máximas estiveron algo por debaixo nas comarcas atlánticas e por encima no resto da Comunidade. Este comportamento vén explicado polas situacións de vento sur, que nas comarcas atlánticas deixan os ceos moi anubrados e, polo tanto, non deixan subir o mercurio, mentres en xeral causan unhas mínimas altas.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuva



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


MAIO

Mes seco, con temperaturas moi altas nos últimos 10 días


A situación de baixas presións relativas coa que terminou abril continuou durante os primeiros 5 días do mes, nos que predominou a circulación do sur e as chuvias, febles en xeral. A partir do día 6 o anticiclón das Azores comezou a entrar en forma de cuña, deixando un tempo seco e bastante soleado en toda Galicia, agás no norte de Lugo, onde a circulación do norte, propia das entradas anticiclónicas en cuña dende o Atlántico, deixou nubosidade de estancamento e algunhas precipitacións moi febles. Esta situación mantívose ata o día 17, cando un centro depresionario situado ao oeste de Irlanda, sobre o Atlántico norte, fixo cambiar a circulación a oeste, ocasionando dous días de precipitacións e ceos cubertos. A partir do día 20, coa excepción dos días 23 e 24, a situación foi anticiclónica con circulación do leste, o que deixou os ceos despexados e temperaturas moi altas. Esta situación ponse de manifesto nas anomalías de presión en superficie, nas que se mostra o anticiclón das Azores máis reforzado do normal durante este mes e as baixas presións ao norte de Escocia tamén reforzadas, pero sen moita influencia sobre Galicia.

Precipitación: As precipitacións estiveron por debaixo do normal, quedando aproximadamente no 50% do valor climático para este mes. En canto a número de días de chuva, en todos os observatorios se rexistraron entre 20 e 22 días secos, tamén por debaixo do normal, especialmente nas comarcas atlánticas.


Temperatura: As temperaturas medias do mes non presentan grandes variacións, nin no caso das mínimas nin no caso das máximas. As anomalías estiveron, en xeral, entre $-1\text{ }^{\circ}\text{C}$ e $+1\text{ }^{\circ}\text{C}$. De calquera forma, é importante sinalar que isto se debeu a unha primeira parte do mes con temperaturas baixas, mentres que os 10 derradeiros días tiveron temperaturas altas, con máximas que superaron os $30\text{ }^{\circ}\text{C}$ en todos os observatorios, salvo nos da costa de Lugo, onde por mor da nubosidade de estancamento producida polo anticiclón as temperaturas non superaron os $25\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuva



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


XUÑO

Temperaturas moi altas durante a metade do mes con dúas entradas de aire norteafricano. Precipitacións durante os primeiros e derradeiros días do mes


Logo dunha última semana do mes de maio con situación anticiclónica e altas temperaturas, os primeiros 4 días do mes de xuño estiveron marcados polo paso dun centro de baixas presións que deixou temperaturas baixas e precipitacións. A partir do quinto día do mes predominou a situación anticiclónica con dúas entradas de aire norteafricano que deixaron temperaturas moi altas, con picos durante as xornadas do 12 e o 13 e do 18 ao 21 respectivamente. A segunda destas situacións de temperaturas moi elevadas deu lugar a un episodio de tormentas xeneralizadas durante a xornada do 24, con repeticións menos intensas o 25. O mes terminou baixo a influencia dunha profunda borrasca, con 990 mb no seu centro, que durante a xornada do 29 se situou ao noroeste de Galicia nunha latitude entre a península Ibérica e as Illas Británicas. Esta situación tradúcese nunhas anomalías dipolares no Atlántico, con altas presións na área das Azores e baixas ao sur de Islandia.

Precipitación: As precipitacións rexistradas durante este mes non presentan anomalías moi significativas, debido principalmente ás cantidades rexistradas durante os últimos dous días do mes. Así, por exemplo, en Sergude (Boqueixón) a cantidade nestas dúas xornadas foi de 42 mm, en Lourizán (Pontevedra) 55 mm e en Ferrol 49 mm.


Temperatura: As temperaturas máximas presentan unha anomalía negativa no litoral, o que quere dicir que as xornadas chuviosas do principio e final do mes deixáronse notar, mentres no interior non tiveron tanta incidencia, quedando os valores máximos por riba da media, arrastradas polas altas temperaturas da parte central do mes. As temperaturas mínimas, pola súa banda, presentan anomalías positivas en xeral, o que quere dicir que as temperaturas nocturnas estiveron en xeral por riba das esperadas.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuva



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


XULLO

Mes caracterizado pola variabilidade. Dúas xornadas con fortes chuvias e tempo seco con altas temperaturas entre eses días


O mes de xullo comezou baixo a influencia do mesmo centro de baixas presións coa que finalizou xuño, aínda que xa máis debilitado. Esta influencia deixouse sentir durante os dous primeiros días do mes, con precipitacións febles e ceos anubrados en xeral. Os seguintes dez días foron anticiclónicos, con altas temperaturas e néboas na costa os días 12 e 13. A situación anticiclónica rompeuse coa entrada dunha fronte durante os días 14 e 15, particularmente activa na xornada do 15. A partir desa data, novamente tivo lugar unha melloría, co anticiclón entrando en forma de cuña dende as Azores, aínda que dende o 18 ata o 24 o anticiclón retirouse cara ao leste, deixando lugar para a entrada dalgunha nubosidade, o que fixo que as temperaturas non fosen particularmente altas durante estas datas. As xornadas do 25 e o 26 víronse novamente afectadas pola entrada de baixas presións, con chuvias importantes durante a xornada do 26. A partir desta data e ata final de mes predominaron os ceos despexados e as altas temperaturas, dando comezo a unha vaga de calor. A entrada dos tres centros de baixas presións fai que apareza unha anomalía negativa na presión no Atlántico Norte.

Precipitación: As cantidades de precipitación rexistradas durante este mes estiveron por riba das medias climáticas debido fundamentalmente ás cantidades recollidas durante os días 15 e 26. Así, por exemplo, no observatorio de Lourizán (Pontevedra) rexistráronse 73 e 21 mm respectivamente.


Temperatura: As temperaturas máximas presentaron, en xeral, unha anomalía negativa debido ás xornadas chuviosas, que tamén foron frías, e á situación intermedia rexistrada entre o 18 e o 24, días nos que as temperaturas non foron excesivamente altas. As temperaturas mínimas, pola súa banda, non presentan un patrón de anomalías moi definido, estando en xeral moi preto da media esperada en todos os observatorios.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


AGOSTO

Forte onda de calor durante os primeiros 14 días


Durante os primeiros 14 días do mes de agosto, Galicia estivo dominada polas altas presións, que se situaron sobre o norte de Europa, achegando unha masa de aire moi quente do norte de África. Esta situación fixo que continuase a onda de calor que comezara xa nos derradeiros días de xullo con temperaturas superiores aos 30 °C durante moitas xornadas consecutivas en case toda a nosa Comunidade. Incluso en observatorios do norte, como o de Ferrol, os termómetros chegaron aos 40 °C na xornada do 12. Esta situación rematou o día 15, cando un centro de baixas presións se achegou polo Atlántico ocasionando unha caída das temperaturas de 10 °C de media e algunhas precipitacións febles. Entre o 18 e o 24 recuperouse a situación anticiclónica, pero neste caso con nordés, o que fixo que as temperaturas estivesen máis preto das normais. A partir do 25, novos centros de baixas presións fixeron baixar as temperaturas e anubron os ceos deixando precipitacións, febles durante a xornada do 25 e máis importantes o 27 e o 28, cunha lixeira melloría nas xornadas do 30 e o 31.

Precipitación: As cantidades de precipitación estiveron algo por debaixo da media climática, en xeral, aínda que nalgúns observatorios das Rías Baixas e da provincia de Ourense se superaron eses valores por mor das precipitacións rexistradas durante as xornadas do 27 e o 28. Así, en Lourizán na xornada do 28 rexistráronse 29 mm, totalizando o mes 67 mm, valor moi próximo á media.


Temperatura: As temperaturas tiveron unha anomalía positiva de entre 2 e 4 °C, tanto para as mínimas como para as máximas, debido á onda de calor rexistrada durante a primeira metade do mes. Como exemplo podemos dicir que a media das máximas en Pontevedra foi de 28.6 °C, mentres en Ferrol acadou un valor de 26.1 °C, sendo os valores climáticos de 25.6 °C e 22.5 °C respectivamente.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


SETEMBRO

Mes seco con temperaturas superiores á media


As primeiras tres semanas do mes estiveron caracterizadas pola situación anticiclónica, co centro de altas presións situado ao norte de Galicia, bloqueando dende esa posición o paso das perturbacións atlánticas. Esta situación rompeuse momentaneamente durante as xornadas do 7 e o 8, cando unha fronte pouco activa conseguiu desprazarse ata Galicia deixando dúas xornadas de temperaturas máis baixas e algunhas precipitacións febles. O bloqueo anticiclónico rematou na xornada do 20, cando un centro de baixas presións pasou polo Atlántico cunha traxectoria dende as Azores ata Irlanda, deixando 3 xornadas de inestabilidade e precipitacións, que de calquera forma non foron moi cuantiosas. Os días 23, 24 e 25 volveron a estar dominados polas altas presións, con temperaturas superiores á media. Os últimos días do mes estiveron nunha situación intermedia, cun empeoramento no día 30 por mor da instalación dun centro de baixas presións moi preto de Galicia. Esta situación reflíctese no mapa de anomalías de presión, con anomalías positivas no norte de Europa, o que quere dicir que as presións nesas áreas foron superiores ás agardadas nese mes.

Precipitación: As precipitacións estiveron en todos os puntos de Galicia por debaixo da metade da esperada, agás no sueste, onde na derradeira xornada do mes houbo intensos chuvascos. Os días de precipitación foron os agardados, pero as precipitacións foron en xeral febles. Así, por exemplo, en Lourizán (Pontevedra) contabilízanse 6 días de precipitación con 33 mm acumulados, cando os valores medios son 9 días de precipitación e 120 mm de chuva.


Temperatura: As temperaturas rexistraron valores superiores á media en case toda Galicia, tanto nos valores máximos como nos mínimos. Este comportamento foi debido ás altas temperaturas rexistradas durante os primeiros 20 días do mes. Seguindo co exemplo de Lourizán, a media das máximas foi de 26.5 °C, cando a media climática é soamente de 24 °C. Durante o mes superouse 5 días o valor de 30 °C.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuva



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


OUTUBRO

Mes moi variable. Primeiro temporal do sudoeste


O mes de outubro comezou con moita inestabilidade, ocasionada pola presenza de baixas presións preto de Galicia. Esta inestabilidade causou precipitacións intermitentes pero fortes, formándose incluso un pequeno tornado no concello pontevedrés da Cañiza. As xornadas do 3 ata o 17 estiveron dominadas pola presenza dun anticiclón de bloqueo sobre a península Ibérica que deixou tempo seco e soleado, coa excepción dos días 11 e 12, cando unha bolsa de aire frío en altura sorteou este anticiclón e deixou algunhas precipitacións. As temperaturas durante as xornadas do 3 ao 17 foron altas, destacando as xornadas do 10, 16 e 17, con temperaturas superiores aos 25 °C. A partir do 18 o tempo empeorou considerablemente. Os días 18 e 19 unha fronte deixou importantes chuvias nas Rías Baixas. A semana do 20 ao 26 estivo dominada polas baixas presións ao norte de Galicia, deixando precipitacións e baixas temperaturas (na madrugada do 23 rexistráronse as primeiras nevaradas en puntos de montaña). Durante a derradeira semana do mes formouse un profundo centro de baixas presións no Atlántico norte que deixou o primeiro temporal do sudoeste durante a tarde do 30 con ventos superiores aos 100 km/h e precipitacións de máis de 60 mm. Toda esta variabilidade reflítese no mapa de anomalías de presión en superficie, con altas presións no Atlántico norte e baixas sobre o continente.

Precipitación: As precipitacións non se separaron demasiado da media, aínda que cunha gran variación dentro do mes, rexistrándose practicamente toda a precipitación nos días 1 e 2, 18 e 19, e 30-31. Estas precipitacións foron superiores á media nas comarcas montañosas e algo inferiores ás esperadas no resto.


Temperatura: As temperaturas máximas presentaron en xeral, valores por debaixo da media, conducidas principalmente polas baixas temperaturas rexistradas durante a semana do 20 ao 26; de calquera forma a anomalía non foi máis significativa por mor das altas temperaturas rexistradas durante o principio do mes. As temperaturas mínimas non se desviaron máis de 2 °C practicamente en ningún punto da Comunidade.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuva



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


NOVEMBRO

Entradas intermitentes de frentes con circulación do sudoeste


O mes de novembro caracterizouse pola circulación de oeste e o sucesivo paso de frentes frías asociadas aos centros de baixas presións. Esta situación soamente se viu interrompida nas xornadas 6 e 7 do mes cando o anticiclón de Centroeuroa alcanzou Galicia, e nas xornadas entre o 17 e o 20, cun anticiclón centrado ao norte da península Ibérica. As frentes máis activas e que deixaron máis chuvias foron as do día 15 e a tarde do 22. O día 15 as precipitacións foron moi intensas nas Rías Baixas, destacando os 83 mm de Vilargacía de Arousa, mentres que a tarde do 22 as chuvias máis intensas producíronse no litoral da Coruña. Na tarde do 29 tivo lugar novamente unha entrada dunha fronte chuviosa polo sudoeste, deixando novamente precipitacións superiores aos 60 mm en observatorios das Rías Baixas. Esta situación déixase notar no mapa de anomalías de presión en superficie, con presións máis altas do normal en Centroeuroa e anomalías negativas (presións baixas) sobre o Atlántico Norte.

Precipitación: As precipitacións foron superiores á media en todo o litoral Atlántico, con cantidades ao redor dos 400 mm, practicamente o dobre das precipitacións normais dun mes de novembro. En cambio, o resto da Comunidade rexistrou precipitacións normais ou incluso por debaixo da media. Así, por exemplo, en Lugo as precipitacións acadaron soamente 104 mm, en claro contraste coas estacións atlánticas.


Temperatura: As temperaturas máximas rexistraron, en xeral, valores por debaixo da media, debido á intensa capa nubosa que caracteriza a circulación do oeste. Por este mesmo motivo, as mínimas estiveron en valores normais ou mesmo superiores, debido a que esta mesma capa nubosa fai que se perda pouca calor por radiación durante as horas nocturnas.




Anomalías de presión a nivel medio do mar



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias



Anomalías de temperaturas mínimas medias


DECEMBRO

Neve en cotas baixas ao principio e situacións suaves o resto do mes


